



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Muros na sesión do 4 de abril de 2017, adoptou o seguinte acordo:

APROBAR AS BASES QUE HAN DE REXER A PROVISIÓN EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA GUÍA TURÍSTICO/A E A ELABORACIÓN DUNHA LISTA DE INFORMADORES/AS TURÍSTICOS/AS.

1.- Obxecto da convocatoria.

Constitúe o obxecto destas bases a aprobación da convocatoria e regulación do proceso selectivo para a provisión mediante contratación laboral por obra ou servizo dun/dunha guía turístico/a e a elaboración dunha lista de informadores/as turísticos/as a xornada completa para as oficinas de turismo do Concello de Muros

Esta convocatoria está vinculada á concesión de dúas subvencións solicitadas polo Concello de Muros. Unha da Deputación da Coruña para o financiamento do custo de persoal das oficinas de turismo durante o ano 2017, publicada no BOP Nº 32 de 15 de febreiro de 2017 e outra a Axencia Galega de Turismo de Galicia en base á resolución do 29 de decembro de 2016 para a contratación de persoal nas oficinas de turismo, DOG do 19/01/2017. Este proceso quedará automaticamente anulado no caso de non ser beneficiario o concello de Muros da subvención citada.

As datas de inicio e finalización do contrato estableceranse na resolución que resolva a contratación do persoal segundo o importe concedido.

O cometido funcional do posto versará sobre as tarefas propias da praza, consistentes na realización de visitas guiadas polo casco histórico de Muros, así como de información e atención ás persoas usuarias das oficinas de turismo de Muros. Tamén deberá realizar aquelas outras tarefas que lle poidan ser encomendadas polos órganos municipais competentes ou polo seu superior xerárquico para a satisfacción das necesidades propias do Concello relacionadas co posto de traballo.

2.- Sistema de selección.

O sistema de selección será de concurso-oposición libre, que se valorará de acordo co baremo establecido no punto 7 destas bases.

3.- Requisitos das persoas aspirantes.

Para poder formar parte do proceso será necesario que reúnan na data de finalización do prazo de presentación de instancias os seguintes requisitos:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 e 57 do RDL 2/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectadas por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións propias do posto de traballo, que será xustificado mediante informe médico.
- d) Non ter sido separadas do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitadas, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- e) Estar desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia no momento da formalización da contratación laboral.
- f) Debido a que o persoal a contratar en base a este proceso selectivo vai estar financiado, por un lado, pola resolución da Axencia de Turismo de Galicia do 29 de decembro de 2016 (DOG nº 13 de 19/01/2017), fixando no artigo 1 os requisitos de titulación do persoal contratado; e por outra banda, pola deputación da Coruña dentro do programa de financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2017 (BOP nº 32 de 15/02/2017), sinalando as titulacións que debe posuír o persoal contratado, a titulación requirida é a seguinte:

-Praza de guía turístico/a: estar en posesión da habilitación de guía turístico de Galicia de acordo co Decreto 73/2015, do 7 de maio (DOG 19/5/2015) e estar en posesión do título de técnico/a superior en información e comercialización turística ou técnico/a superior en guía, información e asistencia turística; técnico/a en empresas e actividades turísticas ou grao ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado.

-Praza de informador/a turístico/a: estar en posesión do título de,

- Técnico/a superior en guía, información e asistencia turística ou equivalente.
- Técnico/a en empresas e actividades turísticas ou equivalente.
- Grao ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado.
- Grao ou licenciado en Historia da Arte.
- Grao ou licenciado en Humanidades.
- Grao ou licenciado en Xeografía e ordenación do territorio.
- Grao ou licenciado en Historia.



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

Resérvase unha praza de informador/a turístico/a para as persoas que estean en posesión dalgunha das titulacións requiridas para a praza de guía turístico (a efectos de cumprir co requirido pola subvención da Axencia de Turismo de Galicia). No caso de non cubrir a praza de guía turístico, esta será cuberta con outra de informador/a turístico.

Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral temporal, no seu caso.

4.- Forma e prazo de presentación de instancias.

As persoas que desexen formar parte das probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida á Sra. alcaldesa do Concello de Muros que se presentará no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo para a presentación de solicitudes rematará o **25 de abril de 2017**. As persoas interesadas terán a súa disposición na páxina web e no Concello o modelo de solicitude. A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

As bases das probas selectivas serán publicadas no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Muros (www.muros.gal).

A solicitude deberá ir acompañada por copia compulsada de:

- a) DNI ou documento correspondente ao país da UE.
- b) Certificado de estudos.
- c) Se é o caso, documentación que acredite os extremos do punto 7 destas bases. A experiencia laboral acreditarase mediante contratos e informe de vida laboral.

Non se admitirá máis documentación que a presentada con anterioridade á data límite de admisión de solicitudes.

5. Admisión das persoas aspirantes.

Rematado o prazo de presentación das solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Na resolución, que se publicará no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Muros, sinalarase un prazo de tres días hábiles para poder corrixir ou reparar, no seu caso, o defecto que motivou a exclusión.



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo máximo de un mes dende a finalización do prazo de presentación destas. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución, estas entenderanse desestimadas. No caso de non presentarse reclamacións, a lista provisional publicada terá carácter definitivo.

6. Tribunal cualificador.

O Tribunal de selección estará composto por:

PRESIDENTE/A: David Pastoriza Fernández; suplente, Noelia Louro Louro.

SECRETARIO/A: Jose Manuel Mayo Priegue; suplente, Rosa Monteagudo Rey.

VOGAL: Josefa Fernández Fernández; suplente, María Dolores Santos Maneiro

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándoo á Sra. alcaldesa cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando neste concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de polo menos dous dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia da presidencia e da secretaría ou das persoas que legalmente as substitúan.

7.- Procedemento selectivo.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único mediante anuncio na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello, quedando decaídas no seu dereito as persoas que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo Tribunal.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal.

O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, podendo as persoas aspirantes acadar ata un máximo de 21 puntos, e que se desenvolverá como se detalla a continuación:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

O Tribunal publicará todos os acordos na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello de Muros.

A. Fase de oposición: Esta permitirá acadar ata un máximo de 13 puntos.

a) Primeiro exercicio:

Consistirá na contestación por escrito, nun tempo máximo de media hora, dun cuestionario tipo test de 20 preguntas relacionadas co programa anexo ás bases.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio e a súa puntuación máxima será de 10 puntos, debendo obter un mínimo de 5 puntos para superalo. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 0,5 puntos, mentres que as erradas restarán a puntuación en 0,10 puntos.

b) Segundo exercicio:

Consistirá na contestación por escrito, nun tempo máximo de 15 minutos, dun cuestionario tipo test de 10 preguntas relacionadas co coñecemento do idioma galego.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e non eliminatorio. A súa puntuación será de 0 a 2 puntos. Cada resposta correcta ten un valor de 0.2 puntos.

De conformidade co establecido no art. 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, estarán exentas da realización deste exercicio as persoas que acrediten a posesión do certificado Celga 4, ou documento equivalente, ás que se lle outorgarán 2 puntos.

Unicamente se publicarán as cualificacións das persoas que superaron cada proba, o que se fará mediante anuncio no taboleiro e na páxina web do Concello de Muros, dispoñendo dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

B.- Fase de concurso de méritos:

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso. Esta permitirá acadar ata un máximo de 8 puntos e serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

A experiencia laboral na mesma categoría que deberá acreditarse conxuntamente por medio de informe de vida laboral e copia dos contratos de traballo. No caso de ter traballado nalgunha administración pública, as copias dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio do certificado da administración contratante do tempo traballado na categoría correspondente.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

a) Experiencia profesional.

Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes: 0,20 puntos por mes de servizo, ata un máximo de 4 puntos.

b) Formación.

Por cursos de formación impartidos por administracións públicas, entidades dependentes destas, centros oficiais de ensino ou entidades privadas, homologados por calquera administración pública e relacionados co posto de traballo, ata un máximo de 2 puntos.

- a) Outras titulacións oficiais relacionadas: 1 punto
- b) Graos universitarios e máster : 0,80 puntos.
- c) Cursos de máis de 200 horas: 0,60 puntos.
- d) Cursos de 100 a 200 horas: 0,40 puntos.
- e) Cursos de 50 a 99 horas: 0,20 puntos.

c) Coñecemento de linguas estranxeiras.

Valorarase só o nivel máis alto por idioma ata un máximo 2 puntos.

- a) Nivel básico (A1): 0,25 puntos.
- b) Nivel básico (A2): 0.50 puntos.
- c) Nivel intermedio (B1): 0,75 puntos.
- d) Nivel avanzado (B2): 1 punto.
- e) Nivel C1: 1,25 puntos.

No caso de existir empate na puntuación final, establécese, con carácter supletorio, e como criterio de prioridade a obtención da nota máis alta no primeiro exercicio da oposición e, de ser preciso, nos sucesivos, segundo a orde establecida nestas bases. Se continúa o empate, optarase pola persoa aspirante de maior idade.

8.- Resolución.

Concluído o proceso selectivo, o Tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada unha das persoas por orde decrecente no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web: www.muros.gal, propoñendo ás persoas preseleccionadas, establecendo un prazo de tres días naturais dende a



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

publicación da lista para a presentación de reclamacións. No caso de existiren estas, reunirase novamente o Tribunal para resolvelas.

Co resto de persoas formarase unha bolsa de emprego para cubrir posibles renuncias, outras vacantes ou para atender necesidades imprevistas.

A comunicación da selección da persoa candidata realizarase telefonicamente, deixando constancia do resultado do chamamento pola persoa que o realiza.

Se a persoa candidata rexeita a contratación, pasará ao último posto da lista, agás que este rexeite sexa por enfermidade da persoa aspirante, do cónxuxe ou familiar de 1º grao de consanguinidade ou afinidade, en tal caso deberá acreditarlo por escrito e manterase no posto da lista ata o remate desa situación. Se unha persoa candidata rexeita tres veces un contrato sen causa xustificada (baixa médica) será eliminada definitivamente da lista. Se renuncia a el durante a súa vixencia, pasará ao último posto da lista.. O chamamento farase sempre empezado pola primeira persoa dispoñible da lista.

A proposta do Tribunal, aprobada por Decreto da Alcaldía, notificarase ás persoas interesadas para que subscriban o contrato laboral.

9.- Incidencias.

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas.

10.- Normativa aplicable.

O proceso selectivo rexerá polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas, será de aplicación a lexislación vixente.

11.- Recursos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña. Os prazos contarán desde o día seguinte á publicación da resolución.

Si se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao Contencioso-Administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, entenderase desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.

ANEXO I. TEMARIO

Tema 1. O Concello de Muros. Xeografía. Organización territorial e toponimia.

Tema 2. O casco histórico de Muros.

Tema 3. Os recursos turísticos do Concello de Muros e concellos limítrofes.

Tema 4. As festas patronais e parroquiais do concello. Outras festas e eventos de interese no Concello de Muros.